

## CONTROL, TRATAMIENTO E REDUCCIÓN DE MICROPLÁSTICOS E CONTAMINANTES EMERXENTES EN AUGAS RESIDUAIS URBANAS E NO MEDIO COSTEIRO TRANSFRONTEIRIZO

A CONTAMINACIÓN CAUSADA POLAS VERTEDEURAS DE AUGAS RESIDUAIS SEN DEPURAR OU SEN O TRATAMENTO ADECUADO ÁS MASAS DE AUGA FLUVIAIS E COSTEIRAS, E O SEU IMPACTO NO MEDIO E NA SAÚDE HUMANA, CONSTITÚE UN PROBLEMA GLOBAL QUE DEBE SER ABORDADO DESDE UN PUNTO DE VISTA INTEGRAL. PARA REDUCIR OS RISCOS AMBIENTAIS ASOCIADOS Á PRESENZA DE CONTAMINANTES EMERXENTES E MICROPLÁSTICOS, É ESENCIAL UNHA ESTRATEXIA COMÚN E UNHA COOPERACIÓN EFICAZ A AMBOS OS DOUS LADOS DA FRONTEIRA QUE PERMITA REDUCIR A EMISIÓN DESTES CONTAMINANTES.


BlueWWater ten como obxectivo a mellora da calidade das masas de auga fluviais, de transición e costeiras, por medio do control, seguimento e avaliación das emisións de microplásticos e contaminantes de preocupación emerxente (CECs) ao medio acuático en Galicia e o Norte de Portugal, garantindo un uso sostible dos recursos hídricos e contribuíndo á implementación da normativa comunitaria.




### obxectivos

Os obxectivos principais do proxecto son:

Detección e seguimento de contaminantes de preocupación emerxente e microplásticos en augas residuais e en augas fluviais e costeiras.




Avaliar a eficiencia das estacións depuradoras de augas residuais (EDAR) e de tratamentos piloto avanzados.



Avaliar o potencial de reutilización da auga tratada para fins agrícolas.



Promover a colaboración, o intercambio de experiencias e a transferencia de coñecemento.



Concienciar e sensibilizar acerca dos riscos e impactos dos CECs e microplásticos tanto no medio ambiente como na saúde humana.

## actividades e resultados

### Desenvolvemento de ferramentas para a avaliación de microplásticos e contaminantes de preocupación emerxente nas EDAR e no medio acuático

- Metodoloxías de alto rendemento para a determinación de CECs e microplásticos.
- Exercicio interlaboratorios para a validación de metodoloxía analítica.

### Riscos e impactos derivados da presenza de contaminantes de preocupación emerxente (CECs) e microplásticos

- Avaliación da eficacia das EDAR e de tratamentos terciarios/cuaternarios en estacións piloto.
- Potencial de reutilización da auga tratada para fins agrícolas.
- Avaliación ambiental mediante metodoloxía análise de ciclo de vida (ACV).
- Ferramenta de modelización de apoio á avaliación de risco ambiental.

### Dinamización e fortalecemento da Rede NOR-WATER

- Catálogo de capacidades e oferta tecnolóxica.
- Base de datos documental de CECs.
- Webinars, seminarios e Winter school.

### Actividades de educación ambiental e sensibilización

- Talleres, accións de limpeza de lixos, exposicións itinerantes, vídeos e infografías, publicacións divulgativas, xogos e kits didácticos.



### consorcio



Centro Tecnológico del Mar  
Fundación CETMAR  
(Coordinador)



Águas e Energia do Porto, EM



Câmara Municipal de Viana do Castelo  
Centro Monitorização e Interpretação Ambiental



Câmara Municipal Vila Nova de Cerveira  
Aquamuseu do Rio Minho



Centro Interdisciplinar de Investigación Mariña e Ambiental (CIIMAR)  
Univ. do Porto



Centro Tecnológico del Agua (CETAQUA)



Instituto Español de Oceanografía  
Centro Oceanográfico de Vigo (IEO-CSIC)



Universidade de Santiago de Compostela (USC)



Instituto Tecnológico para o Control do Medio Mariño de Galicia (INTECMAR)



LSRE-LCM, Facultade de Enxenharia da Universidade do Porto (FEUP)



Facultade de Ciéncias da Universidade do Porto (FCUP)

### panel consultivo



Agência Portuguesa do Ambiente, IP - ARH do Norte



Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, CHMS



Águas do Norte, S.A.



Augas de Galicia



LABAQUA, Laboratorio y Soluciones Ambientales S.A.U.



Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia

### contacto

Área de Control y Gestión del Medio y los Recursos Marinos  
bluewwater@cetmar.org

Centro Tecnológico del Mar - Fundación CETMAR  
C/ Eduardo Cabello S/N  
36208 Vigo (Pontevedra)

www.bluewwater.eu

### financiación

Programa de Cooperación Transfronteriza Galicia-Norte de Portugal (POCTEP) 2021-2027

### orçamento

1.357.053,57 € (Contribución FEDER: 1.017.790,19 €)

“Cofinanciado pola Unión Europea a través do Programa Interreg VI-A España-Portugal (POCTEP) 2021-2027. As opinións son de exclusiva responsabilidade do autor que as emite”.

### síguenos en

<https://x.com/BlueWWater>

<https://www.linkedin.com/in/proyecto-bluewwater/>

@bluewwater\_project